

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN, A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA FOMENTAR A ACTIVIDADE INVESTIGADORA DO PERSOAL INVESTIGADOR BENEFICIARIO DUNHA AXUDA DO ERC NO MARCO DO H2020

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Galega de Innovación da Consellería de Economía, Emprego e Industria, **DECLARA:**

Que a Axencia Galega de Innovación ten previsto formalizar coa a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer, dentro do *Programa Oportunius*, o marco de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo que permita impulsar a participación dos investigadores do Sistema Universitario de Galicia (SUG) nas convocatorias do Consello Europeo de Investigación (ERC) mediante o recoñecemento dos investigadores que resultaron beneficiarios das axudas. Con este fin, cada investigador que teña finalizado o período de vixencia da axuda do ERC, percibirá durante o ano 2021, unha axuda orientada a financiar gastos estruturais e de financiamento do grupo de investigación correspondente. O importe da axuda é o que se indica na seguinte táboa en función da modalidade de axuda obtida do ERC:



ANO	STARTING GRANT	CONSOLIDATOR GRANT	ADVANCED GRANT
2021	5.000 €	6.500 €	8.000 €

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- 1- A Axencia Galega de Innovación (GAIN) ten como finalidade fomentar e vertebrar as políticas de innovación nas administracións públicas galegas, e o apoio e impulso do crecemento e da competitividade das empresas galegas, a través da implementación de estratexias e programas de innovación eficientes. Os seus estatutos atribúenlle, entre outras, as seguintes funcións: a ordenación, planificación, coordinación, execución e seguimento das competencias en materia de fomento da investigación que ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia en virtude do establecido no artigo 27.19º do Estatuto de autonomía de Galicia e a promoción, xestión e execución do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica, asumindo a súa coordinación, seguimento e avaliación.
- 2- A Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación científica e a innovación de Galicia, ten por obxecto establecer o marco para o fomento da investigación e do desenvolvemento tecnolóxico, da transferencia e valorización de resultados e da innovación en Galicia en todas as súas vertentes, así como da súa xestión eficiente. Esta Lei, no seu capítulo III, establece o Plan Galego de Investigación e Innovación como instrumento fundamental de planificación e coordinación das políticas en materia de investigación, transferencia, valorización e innovación en Galicia.
- 3- Os programas de financiamento xestionados polo ERC apoian ao mellor persoal investigador de calquera nacionalidade que desexen realizar investigación na fronteira do coñecemento en calquera entidade ou organismo de investigación



dos 27 Estados Membros da Unión Europea ou os seus países asociados. A tal fin o ERC conta, entre outras, cos seguintes tipos de axudas:

- ERC Starting Grants (StG): apoio ao persoal investigador, con entre dous e sete anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, na creación do seu propio equipo de investigación independente.
- ERC Consolidator Grants (CoG): apoio ao persoal investigador, con entre sete e doce anos de experiencia tras rematar o seu doutoramento, que están a consolidar o seu propio equipo de investigación independente
- ERC Advanced Grants (AdG): apoio ao persoal investigador excelente con polo menos dez anos de experiencia e que lideren proxectos excelentes e altamente innovadores nos seus respectivos campos de investigación.

Na actualidade, en Galicia son as universidades os principais organismos de investigación con investigadores que obtiveron algunha das axudas do ERC.

- 4- A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Innovación e a Secretaría Xeral de Universidades, está a desenvolver o Programa Oportunius; este programa é unha oportunidade para reter, recuperar e captar talento investigador de excelencia. O obxectivo do programa é poñer a disposición dos investigadores un marco laboral e recursos para o correcto desenvolvemento da súa carreira investigadora.

O programa Oportunius contempla tres liñas fundamentais de actuación:

- a) *Atracción da excelencia*: captación, retención e recuperación do persoal investigador excelente (posuídores dunha bolsa ERC) mediante:

- a.1) A contratación por parte de GAIN do persoal investigador beneficiario dunha bolsa do ERC.



a.2) A dotación de recursos complementarios aos beneficiarios de bolsas dos programas do ERC para que poidan crear ou consolidar o seu equipo ou programa de investigación en Galicia.

- b) *Apoio á excelencia*: impulsando a actividade e o desenvolvemento daquel persoal investigador cunha traxectoria consolidada que supere a fase primeira no proceso de avaliación das bolsas do programa ERC e que non recibiran financiamento. Dotarase ao investigador con recursos económicos e asesoramento co fin de impulsar a súa actividade investigadora e potenciar a consecución de resultados de impacto de cara a participación en convocatorias futuras do ERC.
- c) *Fomento da excelencia*: estimulando a participación nos programas do ERC de investigadores que amosen un alto potencial e unha carreira investigadora prometedora, co conseguinte efecto tractor de fondos europeos que podería supoñer para Galicia. Ofrecerase ao investigador formación e asesoramento para a preparación e preparación de propostas ao ERC co obxecto de incrementar as posibilidades de obtención dunha bolsa desta natureza.

5- En execución da actuación c) do Programa Oportunius, GAIN ven realizando diversas actividades:

- Talleres formativos de apoio para elaboración de solicitudes e orientación respecto das características do programa do ERC.
- Reunións cos beneficiarios de axudas en convocatorias anteriores para intercambio de información e deseño de estratexias.
- Elaboración de informes sobre a viabilidade e idoneidade de propostas de proxectos.

Co fin de impulsar e promover a participación nas convocatorias do ERC do persoal investigador das universidades do SUG, é intención de GAIN poñer en



marcha unha nova actuación orientada ao recoñecemento daqueles investigadores que resultan beneficiarios de ditas axudas.

- 6- Para o desenvolvemento das actividades obxecto do presente convenio, a Axencia Galega de Innovación, destinará no ano 2021 un total de 32.125,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 06.A2.561A.444.0 (Código proxecto 2016.14), que se distribuirá entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo de acordo coa seguinte táboa en función do número de investigadores implicados en cada unha delas e a modalidade de axuda obtida no ERC:

	Nº BENEFICIARIOS	ANO 2021
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	4	26.000 €
UNIVERSIDADE DE VIGO	1	6.125 €
TOTAL	5	32.125 €

- 7- Os obxectivos que se perseguen con este convenio resultan de interese xeral, xa que estase a fomentar e impulsar a participación en convocatorias no ámbito dos programas do Espazo Europeo de Investigación e de prestixiosas institucións europeas, co fin de situar a investigación galega na vangarda da ciencia e a tecnoloxía como eixo fundamental do desenvolvemento económico e social de Galicia e incrementar a captación de recursos externos para o sistema galego de I+D+i.
- 8- Así mesmo, dada a especificidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública para o desenvolvemento das actuacións do mesmo, xa que son as universidades do Sistema Universitario de Galicia as principais entidades de investigación da comunidade autónoma que contan con investigadores con subvencións vixentes do ERC.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

